

ANEXO III

Requerimentos básicos, de carácter xeral, que serán especialmente considerados para o recoñecemento do grao II da carreira profesional de diplomados sanitarios

1. Persoal de enfermaría.

-Comentarios evolutivos de enfermaría (en formato electrónico ou en formato papel).

-Se os/as pacientes están ingresados/as, nos comentarios debe constar a valoración no momento do ingreso e/ou a evolución do/a paciente.

-No caso de pacientes non ingresados/as, nos comentarios debe constar a situación do/a paciente referida a coidados, técnicas, tratamentos e/ou educación para a saúde.

-Manexo da historia clínica oficial de atención primaria (incidindo na folla de actividades preventivas, folla de crónicos e vacinas, de forma que aparezan nas historias clínicas dos pacientes que pasen pola consulta de enfermaría).

2. Persoal de enfermaría obstétrico-xinecológica.

-Comentarios evolutivos da embarazada (en formato electrónico ou en formato papel).

-Se as pacientes están ingresadas, nos comentarios debe constar a valoración no momento do ingreso e/ou a evolución da embarazada.

-No caso de pacientes non ingresadas, nos comentarios debe constar a situación da embarazada referida a coidados, técnicas, tratamentos, educación para a saúde e/ou preparación ao parto.

3. Fisioterapeutas/terapeutas ocupacionais/logopédicas.

-Comentarios evolutivos na folla de rexistro de fisioterapia, terapeutas, logopédicas e/ou posta en marcha dunha actividade grupal.

Observacións:

1. Coa difusión destes requerimientos, que se determinan con base na facultade prevista no punto 3 da cláusula 6 do Acordo de 4 de xullo de 2006, procúrase que estes sexan paragonables en todas as institucións sanitarias.

2. Estes requerimientos procuran atender á actividade profesional da xeneralidade dos colectivos de diplomados sanitarios, e poderanse adaptar, no proceso de avaliación, ás peculiaridades do centro de destino e/ou do posto desempeñado.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve definitivamente o concurso de trasladados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

Pola Orde do 31 de outubro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de novembro) convocouse concurso de trasladados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

Consideradas as reclamacións e renuncias producidas á resolución provisional, publicadas as vacantes definitivas e de conformidade co establecido na base décimo segunda da orde desta consellería do 31 de outubro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de novembro), pola que se convocababa concurso de trasladados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-En virtude desta resolución definitiva de concurso de trasladados, adxudicarlle destino definitivo á inspectora que figura no anexo na praza que alí se especifica.

Segundo.-De conformidade co establecido na base décimo quinta da Orde do 31 de outubro de 2007, a toma de posesión do novo destino adxudicado, que deberá realizarse na delegación provincial correspondente, terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2008, polo que o cesamento no destino anterior se expedirá con efectividade do 31 de agosto de 2008.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO**511600 - Xeralista**

DNI	Nome	Puntuación	AP11	AP12	AP13	AP21	AP22	AP23	Centro adxudicado	Centro resulta	Epígrafe	Tipo praza
036040761	AMOEDO BARCIELA, ELISA ISABEL	86.08	81.48	0.00	4.60	0.00	0.00	36990038 - DEP Inspección de Vigo			3	1